

# *O ensino da Arqueoloxía na Galiza entre o franquismo e hoxe*

Fernando ACUÑA CASTROVIEJO  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## **Resumo**

Análizase a evolución do ensino da arqueoloxía na Galiza dende os anos da República, no período franquista e na democracia ata hoxe, facendo mención aos planos de estudo, os medios disponibles (biblioteca, coleccións arqueolóxicas), o profesorado e a investigación.

**Palabras chave:** Galiza, USC, Arqueoloxía, dictadura, democracia

## **Abstract**

In this article the autor analyses the development of the teaching of Archaeology in Galicia from Republic through the Franco period to democracy and current syllabus, the equipment and materials available (libraries, archaeological collections) professors and research.

**Key-words:** Galiza, USC, Archaeology, dictatorship, democracy

Esta conmemoración que se fai na Facultade de Letras da Universidade do Porto, ao cumprirse os 40 anos da Revolución de Abril, paréceme unha moi boa oportunidade para reflexionar sobre o acaecido neste período de tempo tanto en Portugal como no que a min correspondeme na Galiza polo amable convite dos colegas do Departamento de Ciências e Técnicas do Património da UP, aos que agradezo a deferencia.

Nembargantes, como veremos, as situacións non son moi semellantes. Se no Portugal, como os distintos relatorios presentados sobre da arte, da museoloxía e da arqueoloxía revelan un cambio nido no ensino e na investigación, na Galiza eses cambios non se produciron coa morte do dictador Franco no ano 1975, xa que viñeron moito antes nalgúns aspectos fundamentais e outros virían con posterioridade.

Nos últimos tempos xa se plantearan en España diversas reflexións sobre a época dictatorial xurdidas a finais do século XX que deran lugar a distintas publicacións,

como a que analizaba a antigüidade e o franquismo<sup>1</sup>, sendo de gran interese como visión de conxunto, os comentarios que sobre a arqueoloxía e as dictaduras aparecen nesa publicación<sup>2</sup>.

Ao longo desta disertación tentaréi botar unha ollada á evolución do ensino da arqueoloxía dende os comezos do franquismo ata hoxe, fixándome en tres aspectos esenciais como son os planos de estudo, o profesorado e os medios cos que se contaba, xunto coa investigación. Como é lóxico farei unhas disquisicións previas sobre a etapa anterior ao ano 1936.

### **A Universidade de Santiago antes de 1936**

O estudo na Universidade de Santiago de Compostela centrábase no campo das Humanidades na Facultad de Filosofía e Letras, na que non existía a Arqueoloxía como disciplina diferenciada. O panorama era bastante desolador xa que ata o ano 1926, en que Pericot ocupa unha cátedra denominada “Historia Antigua y Media de España con su acumulación de Historia Moderna y Contemporánea de España”, non houbera propiamente actividade arqueolóxica, agás a protagonizada por Obermaier coas conferencias impartidas no ano 1922 que darían lugar á primeira síntese da prehistoria galega ou algunhas incursións doutro catedrático de Historia de España, Pérez Bustamente con algunha publicación<sup>3</sup>.

En 1927 Pericot trasládase á Universidade de Valencia, sendo sucedido brevemente por Alberto del Castillo e só quedaría ata a Guerra Civil Sebastián González García-Paz quen, non sendo estrictamente arqueólogo, participou en diversas campañas arqueolóxicas e realizou un meritorio labor coas escavacións nos castros de Borneiro e Baroña, tendo que exiliarse no 1936 en Puerto Rico.

De tódolos xeitos e afortunadamente, a arqueoloxía estaba moi ben representada fora da Universidade polos membros do Seminario de Estudos Galegos (1923-1936), singularmente López Cuevillas e Bouza Brey.

### **Os planos de estudo**

A partir de 1953 e durante todo o período franquista a licenciatura en Filosofía e Letras de 5 anos (Historia) constaba de dous cursos comúns e incluía no 2º ciclo como materias anuais a Arqueoloxía, a Epigrafía e a Numismática ademáis das correspondentes Prehistoria, Hª Antiga e Etnografía co que, no papel, poderíase ter unha formación suficiente se houbera profesorado adecuado, o que non era o caso.

No ano 1975, cando morreu Franco a vella Facultade divídese en tres: Xeografía e Historia, Filoloxía e Filosofía o que leva consigo novos plans de estudos que polo que respecta á primeira consisten en dous ciclos de 3+2 anos sendo o primeiro común e o segundo especializado para Historia, Arte e Xeografía contando cun 5º curso coas especialidades de Prehistoria, Arqueoloxía e Hª Antiga.

En 1990 créanse o Sistema Universitario Galego e por segregación da USC as

---

<sup>1</sup> WULFF/ÁLVAREZ 2003

<sup>2</sup> Singularmente o de DÍAZ-ANDREU 2003

<sup>3</sup> Para estas cuestións véxase ARMADA 2008

Universidades de Vigo e A Coruña impartíndose arqueoloxía na Facultade de Historia en Ourense e na de Humanidades en Lugo. Santiago terá un 5º curso de especialización en Prehistoria e Arqueoloxía.

Finalmente no 2009 a implantación do Plan Bologna supuso a existencia dos Graos de 4 anos quedando a arqueoloxía reducida a dúas materias cuatrimestrais e desaparecendo a epigrafía e a numismática que encontrarán un acomodo no master como unha materia de 3 créditos<sup>4</sup>.

### **O profesorado**

A partir do termo da Guerra Civil pasaron pola USC diversos catedráticos, que en ocasións nen siquera ocuparon a plaza, caracterizados polo feito de que na maioría dos casos non eran arqueólogos, para ocuparse da Historia de España ou Universal nas distintas etapas que nalgúns casos incluían a Prehistoria pero nunca a arqueoloxía. Profesores coñecidos como Martínez Santaolalla, Almagro Basch, Ubieto Arteta ou Udina Martorell, entre outros foron os responsables do ensino, aínda que os primeiros non apareceron por Santiago. Hai que facer mención de Luis Monteagudo que fuzamente estivo na Facultade nos anos 40, e volveu impartir docencia nos anos finais dos 70.

En 1955 chega a Santiago Carlos Alonso del Real como Catedrático de Prehistoria e Historia Universal Antiga e Media e de Historia Xeral da Cultura (Antiga e Media), que so no 1967 cambiará a titulación por Prehistoria e Etnografía, e permanecerá na USC ata 1981, aínda que non se caracterizou polo seu traballo arqueolóxico. Por esos anos as materias de arqueoloxía, epigrafía e numismática quedaban en máns de auxiliares que pouco mais facían que leer uns apuntes pero que non foron quen de propiciar nen escolas nen de investigar.

A excepción foi Salvador Parga y Pondal que daba epigrafía e numismática e que ordenou o monetario, do que máis adiante comentarei algo.

O 1968 vai resultar fundamental para o ensino e a investigación arqueolóxicas na USC que ata ese momento era allea á realidade galega. Ata entón todo o labor facíase no Instituto P. Sarmiento de Estudos Galegos por parte dos membros procedentes do extinto Seminario de Estudos Galegos e que, a partir de 1967 baixo a dirección de Bouza Brey, aglutinou a un fato de novos investigadores na Sección de Prehistoria e Arqueoloxía

Pois ben, nese ano citado, chega á Universidade de Santiago Alberto Balil para ocupar a primeira plaza de arqueoloxía nos case 50 anos da existencia da Sección de Historia. E veu nun momento histórico, pois o estudantado exixía reformas o que dou lugar a unha folga e ao peche da Universidade moito antes que o famoso maio francés. Iso supuso unha revolución porque, por primeira vez, un profesor novo e cunha sólida formación púxose ao fronte das materias arqueolóxicas fundando o Seminario de Arqueoloxía e introducindo novas metodoloxías tanto no ensino como na investigación e creando unha auténtica escola con discípulos que co tempo acabarían

---

<sup>4</sup> Para unha visión crítica das diferentes etapas do ensino da arqueoloxía na Galiza tanto USC como nas novas universidades galegas, con especial referencia ao Plan Bologna, véxase COMENDADOR 2012

na Universidade, nos museos ou no ensino medio<sup>5</sup>.

En 1972 o Profesor Balil tivo que marchar á Universidade de Valladolid diante da negativa da USC a dotarlle a cátedra correspondente pero a súa semente ficou.

Co tempo, tras una breve estancia de Arias e Fariña e posteriormente Naveiro, quedamos na área de arqueoloxía na Facultade o que suscribe con Raquel Casal e José Manuel Caamaño xunto con algunha incorporación mais tardía que polo dagora, non aportaron ren á arqueoloxía clásica. Hai que salientar os traballos de Rodríguez Colmenero dende Lugo e Pérez Losada dende Ourense. En sucesivas etapas pasaron por Santiago José María Luzón no 1976 e 1980 e Pilar León pero esta última solo tomou posesión<sup>6</sup>.

### Os medios disponibles

Neste apartado voume referir á biblioteca por un lado e as coleccións arqueolóxicas por outro. En relación cos fondos bibliográficos hai que decir que ata o ano 1968 eran practicamente inexistentes, tanto en revistas como en monografías, non habendo nada actual. En troques, existían obras antigas importantes como varios volúmenes do CIL debido ao interese pola epigrafía de Álvaro D'Ors, Catedrático de Dereito romano, ou libros de numismática como o Heiss, mentras que en arqueoloxía apenas se podían consultar as esculturas romanas de España y Portugal de García y Bellido ou o manual de Arqueoloxía Clásica de Beltrán (por triplicado) de principios dos anos 50.

De novo vai ser o ano 1968 cando a chegada de Balil farase notar xa que, nesa data, é cando comenza a formación dunha biblioteca especializada, que hoxe podemos considerar bastante boa, nos campos da arqueoloxía, epigrafía e numismática non así no da prehistoria, pero agora ese campo non nos compete.

Agora, vaise iniciar a suscripción a revistas, sobre todo inglesas, francesas, alemánas e italianas e a procurar o aumento dos fondos mediante doazóns de separatas e publicacións mediante a solicitude aos investigadores do momento o que foi moi positivo grazas aos numerosos contactos que Balil tiña<sup>7</sup>. E outra das vías, foi a creación dunha serie de publicacións que baixo o título de *Studia Archaeologica* facilitaba os intercambios. Co tempo, esta serie pasou a publicarse na Universidade de Valladolid e no ano 1975, comenza a publicación da revista *Gallaecia* que a día de hoxe acadou o número 32.

Todo este labor continuado, fai que o Departamento de Historia I (constituído no 1986) conte na actualidade con máis de 200 revistas entre intercambios e compras. Desgraciadamente a situación vai a peor xa que a partir deste ano xa non poderá haber mais de 20 suscripcións o que supón un forte recorte nos fondos bibliográficos.

En canto ás coleccións arqueolóxicas, a USC conta cunha ampla mostra de moi diverso tipo e de procedencia moi diversa tanto na súa forma de adquisición como

---

<sup>5</sup> En ACUÑA 1992 pódese encontrar información detallada ao respecto.

<sup>6</sup> Ata o ano 1980 pódese ollar a síntese elaborada por ARMADA 2003-2005.

<sup>7</sup> Entre os que responderon positivamente pódese citar, como mostra de fora de España, a Comfort, Syme, Richmond, Bianchi-Bandinelli, Torelli, Carandini, Tylor, Cardozo, D. F. de Almeida, A. do Paço, J. de Alarcão.

na súa procedencia xeográfica, sendo nalgúns casos compra, outros doazóns e ás veces depósitos<sup>8</sup>. Hai casos nos que ingresaron coleccións completas como as de La Iglesia<sup>9</sup>, Maciñeira<sup>10</sup> e Viqueira<sup>11</sup>; noutros son entregas de alumnos e profesores ou ben intercambios propios dos anos 50 sen esquecer os materiais das escavacións feitas por membros do Departamento.

A maioría son pezas procedentes da Galiza, pero hainas doutras partes de España e mesmo de África, Italia, América<sup>12</sup>, Oriente Medio e o Extremo Oriente que, en ocasións, están descontextualizadas. A esto hai que engadir unha boa colección numismática e medallística así como un pequeno conxunto epigráfico<sup>13</sup>. Moitos destes materiais foron utilizados nas prácticas pero xa veremos no apartado dedicado á investigación como a inmensa maioría dos que se publicaron, foronno a partir dos anos 70 o que ven sendo unha mostra da falla con anterioridade, de arqueólogos na Universidade.

### **A investigación**

Antes da Guerra Civil unicamente podemos contar coas figuras de Pericot e de Sebastián González. Do primeiro, nos poucos meses que estivo na USC, compre sinalar a ampla colaboración con Cuevillas nas escavacións do castro de Troña, así como a monografía que adicou aos vasos campaniformes da colección La Iglesia procedentes das Pontes de García Rodríguez<sup>14</sup>.

Do segundo, que como vimos tivo que deixar a Universidade ao comenzo da Guerra Civil, como publicación mais destacada no campo da arqueoloxía foi a memoria que reflicte as investigacións levadas a cabo nos castros de Borneiro e Baroña, con resultados moi importantes para o momento, publicadas no Boletín da propia Universidade<sup>15</sup>.

Dende entón e ata finais dos anos 60, non hai programas de investigación nen traballo de campo, agás algunhas pequenas intervencións de Alonso del Real no castro de Fazouro.

En troques, publícanse dous estudos sobre materiais das coleccións arqueolóxicas, ambos polas mesmas datas. O primeiro trata sobre dous bronzes de arnés da col.

---

<sup>8</sup> Unha visión sintética dalgúns dos fondos en SUÁREZ 1966. O mesmo autor ten publicado algúns artigos sobre numismas medievais do monetario da USC.

<sup>9</sup> Desta colección xa existía un catálogo moi antigo. Véxase IGLESIA 1907.

<sup>10</sup> A colección foi donada á USC según o testamento do propietario no ano 1948. ARMADA 2003

<sup>11</sup> En relación con este autor así como sobre La Iglesia e Maciñeira hai datos úteis en ACUÑA 2013, pp.26-28.

<sup>12</sup> A orixe destes fondos ven dada pola creación da Biblioteca América, doada polo emigrante galego Gumersindo Busto a principios do século XX, e consiste nunha colección arqueolóxica de machados, puntas de seta e lanza e cerámica dos Andes, Arxentina e mixteca, así como un importante conxunto etnográfico de Arxentina, México, Bolivia, Perú e Uruguai.

<sup>13</sup> A colección numismática consta de mais de 3000 pezas de tódalas épocas (gregas, romanas, medievais, etc.) sendo superior ás das Universidades de Sevilla (1904) e Valencia (2598). En canto á epigrafía trátase dun miliario, dúas aras votivas e unha funeraria.

<sup>14</sup> PERICOT 1927.

<sup>15</sup> GONZÁLEZ 1933.

Maciñeira<sup>16</sup> e o segundo sobre un vaso da Idade do Bronce procedente de Carril e doado polo seu propietario que daquela era profesor na Facultade de Filosofía e Letras e que realizou un labor importante na mesma en canto que foi quen clasificou o monetario da Universidade<sup>17</sup>.

A chegada de Alberto Balil no 1968 supuso unha revolución e o comenzo dunha verdadeira política investigadora plasmada de inicio, na defensa das primeiras teses de licenciatura e de doutoramento nos campos da arqueoloxía, epigrafía e numismática leídas na Facultade<sup>18</sup>.

Ao mesmo tempo iniciáronse traballos sistemáticos de campo coas escavacións no castro do Neixón, que xa escavaran Cuevillas e Bouza Brey, e que continuarían trala súa marcha, e nas Torres de Oeste. Xunto a isto promoveronse as asistencias a congresos tanto en Portugal (Coimbra, Porto) como na España (Jaén), entre outros.

A política iniciada neses anos continuaría, trala marcha de Balil, nos seguintes tanto na elaboración de traballos de investigación (teses e tesinas) como de campo, e coa chegada de Luzón no ano 1976 na súa primeira etapa reforzárase con traballos ambiciosos como as campañas desenvolvidas na comarca do Caurel que por primeira vez, permitiron coñecer o rico patrimonio arqueolóxico dunha zona ata entón descoñecida nese eido, co recoñecemento dos castros e as zonas miñeiras<sup>19</sup>.

A partir da morte de Franco, coa Constitución, e o desenvolvemento das Autonomías, xunto coa Lei de Reforma Universitaria e a Lei do Patrimonio Histórico Español de 1985, propiciaron un cambio no sentido de crear novos departamentos universitarios, contar con máis recursos e que as competencias en arqueoloxía non dependerán de Madrid.

Todo iso propiciou proxectos de investigación como o *Corpus Artis Gallaeciae*, no que se documentou toda a plástica galaico-romana ou as prospeccións de comarcas coma a de Santiago e de programas sistemáticos de escavacións coma a dos campamentos romanos de Aquis Querquennis e Cidadela ou do castro da Graña, entre outros. Axudou a todo isto a existencia de recursos e á axuda que dende a Dirección Xeral correspondente, prestou a responsable Raquel Casal García que foi a que montou os servizos de arqueoloxía no tempo que estivo en excedencia da USC.

Pouco despois viñeron novos tempos e os poucos recursos dispoñíbeis foron parar aos traballos de urxencia (arqueoloxía urbana, obras públicas, etc.) polo que paseñinamente deixouse a práctica da escavación sistemática coas eivas que para promoción do coñecemento supón. De todas formas e gracias a colaboración dos concellos e outras institucións proseguiu o labor coas prospeccións levadas a cabo na Fonsagrada<sup>20</sup>, Valga e hai poucos anos no Castelo baixomedieval da Rocha Forte, en Santiago<sup>21</sup>.

---

<sup>16</sup> PALOL, Pedro de 1953-1954, pp. 279-280 e 282. En nota a rodapé o autor agradece os datos aos profesores A. D'Ors, Azcárate e Praga (sic); este último debe referirse a Salvador Parga y Pondal.

<sup>17</sup> PARGA 1955. Do monetario consérvanse as fichas feitas por el.

<sup>18</sup> Pódese ver unha relación das mesmas en ACUÑA 1992, p. 13.

<sup>19</sup> LUZÓN 1980.

<sup>20</sup> Os principais resultados en ACUÑA 2008.

<sup>21</sup> En CASAL 2009 pode verse una síntese do realizado.

Importante é a continuación das relacións exteriores con intercambio de profesores, asistencia a escavacións en Portugal e Asturias e congresos así como actividades conxuntas con diversos organismos e Institucións. Neste sentido hai que salientar o XX CAN celebrado en Vigo en 1993, o Coloquio Castrexos e romanos celebrado en Santiago en memoria de Ferreira de Almeida no 1997 e a VII Reunión de escultura romana en Hispania en Santiago-Lugo no 2011 na lembranza de Alberto Balil, todos eles en colaboración con diversas institucións.

Fora desto hai que salientar as numerosas publicacións realizadas sobre os materiais das coleccións arqueolóxicas, a maioría inéditos, existentes na USC e fundamentalmente na Facultade de Xeografía e Historia, que abranguen un amplo espacio temporal e xeográfico o que foi posible gracias a que co tempo foise creando un grupo de arqueólogos formados e vencellados á Universidade.

As principais aportacións, das que non pretendo a exhaustividade, foron as que relataremos a continuación, expostas según un criterio cronolóxico de publicación para que se vexa como foi evoluindo a investigación e como é a partir dos 70, como podemos apreciar a existencia dun propio labor investigador, o que contrasta co período de pleno franquismo de 1936 a 1970. Ademais coidamos que serve de información para que se coñezcan parte dos fondos que custodia a Universidade de Santiago.

1977 Dentro de su magna obra, Monteagudo recolle os machados de bronce, en parte publicados con anterioridade<sup>22</sup>.

1977-78 Dase a coñecer un miliario de Caracalla procedente de Monterroso<sup>23</sup>.

1979 Diversas pezas megalíticas que configuran o denominada horizonte Rechaba<sup>24</sup>.

1981 Estúdanse os machados da colección La Iglesia<sup>25</sup>.

1983 Unha peza singular celtibérica<sup>26</sup>.

1985 Xunto con outras pezas, unha punta do bronce final do Departamento<sup>27</sup>.

1987 Conxunto de pezas líticas do Sahara<sup>28</sup>.

1988 Duas aras e un epígrafe funerario de Castrofeito<sup>29</sup>.

1992 Pezas neosumerias<sup>30</sup>.

1992 Ánforas e outro material cerámico<sup>31</sup>

---

<sup>22</sup> MONTEAGUDO 1977.

<sup>23</sup> Adquirido nunha tenda de antigüidades de Lugo e trasladado á Facultade no 1971 (ACUÑA 1977-78).

<sup>24</sup> VÁZQUEZ 1979.

<sup>25</sup> FÁBREGAS 1981.

<sup>26</sup> Trátase dunha caixiña de barro (CASAL 1983).

<sup>27</sup> Punta de lanza de Deixebre depositada aorredor de 1978 (MEIJIDE 1985).

<sup>28</sup> FÁBREGAS 1987.

<sup>29</sup> PÉREZ 1988.

<sup>30</sup> Posiblemente pertencen á colección Viqueira (MOLINA 1992).

<sup>31</sup> Son pezas de época romana procedentes de achados casuais no río Ulla (CAAMAÑO 1992).

1996 Industria ósea paleolítica<sup>32</sup>.

2002 Colección de áureos do monetario da USC<sup>33</sup>.

2004 Erote da colección Viqueira<sup>34</sup>.

2013 Aplique de vidro<sup>35</sup>.

### **Consideracións finais**

Tralo exposto nas páxinas anteriores parece claro deducir unha serie de consecuencias sobre o ensino da arqueoloxía na USC no sentido mais amplo.

En primeiro lugar o fin do franquismo non tivo ren que ver coa evolución da práctica arqueolóxica. Foron situación alleas as que propiciaron os cambios a mellor. Por una parte a verdadeira docencia con profesorado específico e preparado so sucede a partir do ano 1968 coa chegada de Alberto Balil.

O mesmo ocorre coa existencia dunha biblioteca digna de tal nome e das investigacións tanto de campo como de laboratorio, así como a apertura cara outras institucións, a asistencia a congresos e reunións científicas e o intercambio persoal e profesional. E este novo rumbo foi continuado por todos os que o sucederon ata hoxe.

A situación actual é moi distinta e eu non podoo menos que ser pesimista. Os orzamentos para a Biblioteca reducíronse ao máximo, as futuras vacantes de profesorado non se van cubrir e por outra banda a Administración Autonómica non propicia as escavacións arqueolóxicas que son as que xeran coñecemento.

En resumo, que a situación da arqueoloxía como motor de formación, de coñecemento e da promoción deste, está baixo mínimos. Agardemos que no futuro as decisións políticas permitan que este campo do saber poida ir para adiante, algo que probablemente eu non verei, pero si quixera que os que nos gobernen no futuro tiveran unha sensibilidade cara a educación e a cultura da que carecen, algo que agora boto en falla.

### **Bibliografía**

ACUÑA CASTROVIEJO, Fernando (1992), *Biobibliografía de Alberto Balil en Finis Terrae, Estudios en lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil* (Coord. Prof. Dr. F. Acuña Castroviejo), Universidade de Santiago de Compostela, pp. 11 ss.

idem (2013), *O coleccionismo en Galicia entre finais do século XIX e principios do XX: Ricardo Blanco-Cicerón e o seu legado*, Discurso de ingreso na Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, Santiago.

idem; CAAMAÑO GESTO, Xosé Manuel (1977-78), Un miliario romano procedente de Seteiglesias (Monterroso, Lugo), *BCPML* XL, pp. 21-33.

idem; RODRÍGUEZ GARCÍA, Purificación (2004), *Escultura en bronce en Gallaecia, Actas de la IV Reunión sobre escultura romana en Hispania*, Facultade de Belas Artes

<sup>32</sup> Trátase dun conxunto de pezas pertencentes á Cueva del Pendo, Cueva del Castillo e Cueva de Valle (VILLAR 1996).

<sup>33</sup> Son 25 numismas (RODRÍGUEZ 2002).

<sup>34</sup> ACUÑA 2004, p. 263.

<sup>35</sup> CASAL 2013.



de Lisboa, Universidade de Lisboa, 7, 8 e 9 febreiro 2002, Nogales Basarrate, Trinidad e Gonçalves, Luis Jorge (coords.), Madrid, Ministerio de Cultura, pp. 255-287.

idem; CASAL GARCÍA, Raquel / RODRÍGUEZ SOUTO, Sara / VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ, Víctor (2008), A comarca de A Fonsagrada -na antigüidade. Aproximación ao seu estudo: O castro de Moreira (Lamas de Moreira, A Fonsagrada, Lugo), *Gallaecia* 27, pp.179-194.

ARMADA PITA, Xosé-Lois (2003), O legado de Federico Maciñeira e o patrimonio prehistórico de As Pontes na xénese da arqueoloxía galega, in Alonso Troncoso, Víctor (coord.), *Patrimonio histórico de As Pontes de García Rodríguez*, Universidade da Coruña, pp. 27-122.

idem (2003-2005), Los orígenes de la arqueología universitaria en Galicia, in Cabrera Valdés, Victoria. e Ayarzagüena Sanz, Mariano, *El nacimiento de la Prehistoria y Arqueología científica*, *Archaia* 3, 4 y 5, pp. 257-265.

idem (2008), Arqueólogos en el Finisterre: Obermaier, Pericot y la cátedra de Santiago de Compostela in *Documentos inéditos para la Historia de la Arqueología*, Mora, Gloria/ Papí Rodes, Concha/ Ayarzagüena, Mariano (Edts.), Sociedad Española de Historia de la Arqueología.

CAAMAÑO GESTO, J(osé) M(anuel) / NAVEIRO LÓPEZ, J(uan) L(uis) (1992), El depósito subacuático del río Ulla. El material romano in Acuña Castroviejo, Fernando, *Finis Terrae* (coord.), pp. 257-295.

CASAL GARCÍA, Raquel (1983), Caixiña celtibérica de barro da colección da Universidade de Santiago, *Brigantium* 4, pp. 215-220

idem (2013), Un aplique de vidro, moldeado, de la colección arqueológica de la Universidad de Santiago de Compostela, *Revista da Facultade de Letras, Ciências e Técnicas do Património*, volumen XII, Porto, pp. 159-166.

idem; ACUÑA CASTROVIEJO, Fernando / RODRÍGUEZ RESINO; Álvaro (2009), A evolución arquitectónica dun Castelo baixomedieval: O caso da Rocha Forte (Santiago de Compostela), *Gallaecia* 28, pp. 199-212.

COMENDADOR REY, Beatriz (2012), La actual formación universitaria en arqueología en el marco del EEES: El caso de Galicia, *Miniús* nº 20, pp. 157-185.

DÍAZ-ANDREU, Margarita (2003), Arqueología y Dictadura: Italia, Alemania y España in Wulff Alonso, Fernando / Álvarez Martín-Aguilar, Manuel (Eds.), *Antigüedad y franquismo (1936-1975)*, Servicio de Publicaciones, Centro de Ediciones de la Diputación de Málaga (CEDMA), pp. 33-73.

FÁBREGAS VALCARCE, Ramón (1981), Os machados puimentados da colección La Iglesia, *Brigantium* 2, pp. 27-38.

idem (1987), Dos conjuntos de materiales líticos del Sahara español, depositados en el Departamento de Prehistoria y Arqueología de la Universidad de Santiago, *Gallaecia* 9/10, pp. 201-210.

GONZÁLEZ GARCÍA-PAZ, Sebastián (1933), Noticia de las exploraciones arqueológicas en los castros de Borneiro y Baroña, *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela*, Año 5, n. 17, pp. 323-351.

IGLESIA, Santiago de la (1907), Catálogo de la sección de prehistoria gallega de la colección de Santiago de la Iglesia, *Almanaque de Ferrol para el año de 1908*, Ferrol, pp. 59-67.

LUZÓN NOGUÉ, José María / SÁNCHEZ-PALENCIA RAMOS, Francisco Javier (1980), *El Caurel*, Ministerio de Cultura, Madrid.

MEIJIDE CAMESELLE, Gonzalo / ACUÑA CASTROVIEJO, Fernando (1985), Nuevas armas del bronce final halladas en Galicia, *BSAA* LI, pp. 174-187.

MOLINA MARTOS, M (anuel), (1992), Tablillas neosumerias de la Universidad de Santiago de Compostela (La Coruña), *Aula Orientalis* 10, pp. 87-94.

MONTEAGUDO, Luis (1977), *Die Beile auf der Iberischen Halbinsel, Prähistorische Bronzefunde*, Abteilung IX, 6, München, C.H.Beck.

PALOL SALELLAS, Pedro de (1953-1954), Bronces de arnés con representaciones zoomórficas, *Ampurias* XV-XVI, pp. 279-292.

PARGA Y PONDAL, Salvador (1955), Notas sobre un vaso de la colección Parga, *III Congreso Arqueológico Nacional, Galicia 1953*, Zaragoza, pp. 406-408.

PÉREZ LOSADA, Fermín (1988), Vía romana nos concellos do Pino e Boimorto (A Coruña-Galicia): vestixios arqueolóxicos e posible trazado, *TAE* XXVIII, pp. 291-306.

PERICOT, Luis (1927), Los vasos campaniformes de la colección La Iglesia, *BRAG* 192, pp. 283-291.

RODRÍGUEZ GARCÍA, Purificación / ACUÑA CASTROVIEJO, Fernando (2002), Áureos romanos de la colección numismática de la Universidad de Santiago, *Gallaecia* 21, pp. 245-257.

SUÁREZ OTERO, José (1996), Los fondos arqueológicos. Primera aproximación a una manifestación de la historia de la arqueología en Galicia, *Gallaecia Fulget*, vol. I, *El Patrimonio histórico de la Universidad de Santiago de Compostela* 1, pp. 150-161.

VÁZQUEZ VARELA, José Manuel (1979), El horizonte de Rechaba: una nueva fase de la cultura megalítica del noroeste peninsular, *BAvr.* 9, pp. 9-26.

VILLAR QUINTEIRO, Rosa (1996), Piezas de industria ósea paleolítica pertenecientes a los fondos del Departamento de Historia I de la Universidad de Santiago, *Gallaecia* 14/15, pp. 131-149.

WULFF ALONSO, Fernando / ÁLVAREZ MARTÍN-AGUILAR, Manuel (Eds.), *Antigüedad y franquismo (1936-1975)*, Servicio de Publicaciones, Centro de Ediciones.